



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 20 DE DECEMBRO DE 2024

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ

ISMAEL DURAN BEREIJO

LUCIA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia a concelleira:

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 20 de decembro de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 05.12.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 05.12.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2020/U007/000007

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.12.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 20.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2020/U007/000007



ANTECEDENTES DE FEITO

Os antecedentes de feito que se refiren son reflexo da documentación que consta no expediente electrónico 2020/U007/000007. Así, do trámite “Información” do expediente electrónico se desprenden os seguintes antecedentes que, por orde cronolóxica, se relacionan de xeito sucinto:

1.- Con data 31.07.2020 (rex entrada sede electrónica 202099900000874) D. Jose Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi S.L, presenta solicitude de licenza de primeira ocupación do edificio sito na achegando documentación adicional.

Obra en poder desta administración a escritura notarial de data 25.09.2017, na que se identifica a D. Jose Javier Bellón Lamas como administrador único da entidade Construcciones Josapi S.L .

2.- Consta incorporado xustificante abono (transferencia) da taxa por importe de 470 euros (data de operación 6.11.2020).

3.- Con data 18.12.2020 (rex entrada sede electrónica 202099900002279) D. José Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi S.L, presenta solicitude na que expón as modificacións levadas a cabo con respecto ao proxecto técnico do exp. 211/06 e solicita que se lle concedan as autorizacións que se precisen, achegando documentación adicional.

4.- Con data 17.03.21 o arquitecto técnico municipal emite informe técnico co seguinte contido:

“ INFORME SOBRE MODIFICACIÓN DE LICENCIA

DATOS DO EXPEDIENTE:

EXP. RELACIONADOS: 211/2006 (Obra), 2017/U003/000004 (prórroga), 2017/U022/000018 (Reformado) e 2019/U022/000007 (LMT, RBT, CT) 2020/U003/000001 (prórroga)

DATOS SOLICITANTE

TITULAR: Construcciones Josapi, S.L., con CIF B15.931.868

REPRESENTANTE: D. José Javier Bellón Lamas, con NIF

DOMICILIO NOTIF: administración@grupobellon.com

OBJECTO

SITUACIÓN:

REF. CATASTRAL:

SOLICITUDE: Modificación de Licencia

PARÁMETROS URBANÍSTICOS

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e Decreto 143/2016, do 22 de Setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG (RLSG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira de 1995 (PXOU).
- Decreto 83/2018, de 26 de Xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico.

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA: Solo urbano consolidado.

CALIFICACIÓN URBANÍSTICA: Residencial entre medianeiras. Grado 1 e 3.

ORDENANZA APLICABLE: URME 1 e 3

CLASIFICACIÓN POL: fora do ámbito do POL (solo urbano consolidado)

ANTECEDENTES

Relativos á tramitación do expediente:

- 19/10/2020: o interesado presentan instancia para a solicitude de modificación no sustancial de licencia.
- 06/11/2020: O interesado achega documentación pago da taxa de LPO
- 20/01/2021: O interesado achega documentación.

Relativos á edificación existente / actuacións previas:

- 211/06:
 - 08/11/2006: a Xunta de Goberno Local concede licenza de obras para edificio para 16 vivendas (PSS + PB + 2 e 4 PA + BC) con Proxecto de Básico e de Setembro de 2006.
 - 28/03/2007: a Xunta de Goberno Local deu conta da presentación do Proxecto Reformado de Básico e Execución de Decembro de 2006.
 - 21/11/2012: foi concedida unha prórroga para o remate do edificio
- 2017/U003/000004 e 2017/U022/000018:



- 08/08/2017: foi solicitada unha nova prórroga achegando documentación da reforma do edificio
- 13/11/2017: foi emitido informe requirindo documentación que non foi achegada
- 23/05/2019: acordouse desestimar e arquivar o expediente.
- 2020/U003/000001:
 - 12/09/2019: o interesado presentan instancia para a solicitude de prórroga de licenza.
 - 19/09/2019: o representante achega documentación complementaria sobre o estado actual da edificación.
 - 10/03/2020: A Arquitecta técnica Municipal emite a seguinte conclusión

A documentación presentada debe ser obxecto dun expediente de Licenza de Obra e nel deberá requirirse a seguinte documentación:

Proxecto Modificado de Modificado de Básico e Execución completo no cal se xustifique a normativa vixente na actualidade.

Oficios da Dirección Facultativa, no caso de que non sexa a mesma que a inicialmente prevista.

INFORME TÉCNICO SOBRE MODIFICACIÓN DE LICENCIA

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de Outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU).
- Lei 38/1999, do 5 de Novembro, de Ordenación da Edificación (LOE).
- Decreto 19/2011, do 10 de Febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).
- Decreto 20/2011, do 10 de Febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL).
- Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e Decreto 143/2016, do 22 de Setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG (RLSG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira de 1995 (PXOU).
- Decreto 83/2018, de 26 de Xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico.

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

O promotor achega a seguinte documentación:

- Memoria descritiva de Agosto 2017, con visado nº 20001722 de data 15/01/2020. Nela indícanse as modificacións introducidas e alega que non supoñen modificacións substanciais.
- Xustificación de cumprimento do Decreto 311/92 de Xullo 2017, con visado nº 20001722 de data 15/01/2020.
- Resumo do orzamento reformado de Agosto 2017, con visado nº 20001722 de data 15/01/2020. Non se modifica.
- Cumprimento do CTE de Decembro 2006, con visado nº 20001722 de data 15/01/2020. Indica que as modificacións se axustan ás xustificacións do Proxecto obxecto de licenza.
- Memoria construtiva de Novembro 2006, con visado nº 20001722 de data 15/01/2020. Non a modifica respecto do Proxecto obxecto de licenza.
- Estudo de Seguridade e Saúde de Agosto 2017, con visado nº 20001722 de data 15/01/2020. Indica que non é precisa a súa modificación.
- Certificado instalación eléctrica
- Certificado puesta en servizo del ascensor
- Certificado de extintores
- Liquidación do fin de obra visado
- Certificado final de obra
- Planos visados do estado definitivo das obras
- Certificado de aislamiento acústico da edificación
- Boletín de ICT
- Xustificante modelo 900- D de alta en catastro
- Fotografías das fachadas.

Sobre a documentación

Certificado final de obra visado polo colexio profesionais correspondentes	Consta
Liquidación final da obra executada visado polo colexio profesional correspondente.	Consta.964.134 euros
Fotografías de tódalas fachadas, asinadas pola dirección facultativa e o promotor.	Non Constan sinaturas
Planos visados do estado definitivo das obras	Consta
Certificado da instalación eléctrica debidamente dilixenciado	Consta
Certificado de posta en servizo do aparato elevador e contrato de mantemento	Non consta contrato de mantemento
Certificado da instalación de gas, se procede, debidamente dilixenciado pola Consellería.	No procede
Certificado de instalación de extintores e contrato de mantemento (se procede)	No consta contrato mantemento
Xustificante de ter solicitado a alta da conexión ás redes de auga e sumidoiros	Non Consta



Xustificante de ter solicitado a alta no imposto de bens inmobles de natureza urbana (modelo 902-N)	Consta. Modelo 900D
Xustificante de ter aboado o Imposto de Construcións, instalacións e obras.	Consta
Xustificante de ter aboado as taxas da solicitude de primeira ocupación	Consta

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Débese valorar se as modificacións previstas son substanciais ou non, xa que de selo deberán ser obxecto de nova licenza. As modificacións indicadas na documentación aportada son as seguintes:

- Planta semisoto (garaxe): elimínase unha praza de garaxe quedando 9.
- Planta baixa (garaxe e trasteiros):
 - Cambio da escaleira de acceso dende o garaxe á vivenda tipo A da planta primeira: de escaleira de caracol con vestíbulo previo a escaleira de tramos rectos sen vestíbulo previo.
 - Cambia o desenrolo da escaleira de uso común do edificio.
 - Cambia de ubicación o cuarto de fontanería e elimínase o cuarto para a instalación de gas.
 - Elimínase o acceso ao garaxe na planta baixa.
 - Elimínanse 2 trasteiros (quedan 16) e redistribúense.
- Planta primeira (vendas A, B e C):
 - Na vivenda tipo A (3 dormitorios, 3 baños, salón, cociña, salita):
 - Elimina un dormitorio, onde ubica a cociña.
 - Ubica unha salita onde estaba a cociña (lugar de acceso dende o garaxe).
 - Leves cambios na distribución.
 - Na vivenda tipo B (3 dormitorios, 3 baños, salón – cociña, tendedeiro):
 - Leves cambios na distribución.
 - Na vivenda tipo C (3 dormitorios, 3 baños, salón, cociña, tendedeiro):
 - Leves cambios na distribución.
- Planta segunda (vendas A, B, C e D):
 - Na vivenda tipo A (3 dormitorios, 2 baños, salón – cociña, tendedeiro):
 - Leves cambios na distribución.
 - Na vivenda tipo B (3 dormitorios, 2 baños, salón, cociña, tendedeiro):
 - Leves cambios na distribución.
 - Na vivenda tipo C (3 dormitorios, 3 baños, salón – cociña, tendedeiro):
 - Anterior D.
 - Deixa de ser dúplex.
 - Mantén a mesma distribución con leves cambios.
 - No lugar da escaleira ubica un baño.
 - Na vivenda tipo D (3 dormitorios, 2 baños, salón, cociña, tendedeiro):
 - Anterior C.
 - Deixa de ser dúplex.
 - Mantén a mesma distribución con leves cambios.
 - No lugar da escaleira ubica un baño.
- Planta terceira e baixo cuberta (vendas A, B, C e D):
 - Na vivenda tipo A (3 dormitorios, 2 baños, salón – cociña, tendedeiro):
 - Leves cambios na distribución.
 - Na vivenda tipo B (3 dormitorios, 2 baños, salón, cociña, tendedeiro):
 - Leves cambios na distribución orixinal.
 - Elimínase o baño privado do dormitorio.
 - Engádesse un dormitorio con baño privado en detrimento da superficie da vivenda C inicial.
 - Na vivenda tipo C (3 dormitorios, 2 baños, salón – cociña):
 - Redistribúese completamente, perde espazo a favor das vendas B e D e únese á planta alta D1 inicial, creando unha única vivenda.
 - Crea terraza no salón no canto de baixo cuberta.
 - Na vivenda tipo D (3 dormitorios, 3 baños, salón – cociña, tendedeiro):
 - Redistribúese completamente, gañando espazo da vivenda C inicial e únese á planta alta C1, creando unha única vivenda.
 - Crea terraza no salón non canto de baixo cuberta.
- Planta cuarta (vendas A, B, C)
 - Na vivenda tipo A (3 dormitorios, 2 baños, salón - cociña, tendeiro):
 - Leves cambios na distribución.
 - Na vivenda tipo B (2 dormitorios, 2 baños, salón, cociña, tendeiro):
 - Leves cambios na distribución.



- Na vivenda tipo C (3 dormitorios, 2 baños, salón, cociña):
Redistribúese completamente, converténdose en dúplex coa planta superior).
- **Planta baixocuberta (vivendas A, B e planta alta dúplex C)**
 - Na vivenda tipo A (3 dormitorios, 2 baños, salón – cociña, tendeiro):
Leves cambios na distribución.
Crea terraza no salón no canto de baixo cuberta.
 - Na vivenda tipo B (2 dormitorios, 1 baño, salón – cociña, tendeiro):
Leves cambios na distribución.
Crea terraza no salón no canto de baixo cuberta.
 - Na planta alta da vivenda tipo C:
Substitúe a anterior vivenda C.

LOE

Terán a consideración de edificación, e polo tanto obxecto de licenza as obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenrolen nunha sola planta.

Plantéxase a reforma dun edificio de nova planta, actualmente en construción, entrando polo tanto dentro do ámbito de aplicación da LOE.

CTE.

O proxecto obxecto de licenza foi presentado 2 días antes da entrada en vigor da primeira parte do CTE.. A Lei 8/2013, de 26 de Xuño, que modificou entre outros o artigo 2.3 do CTE nos seguintes termos... Igualmente o CTE aplicarase tamén ás intervencións en edificios existentes e o seu cumprimento xustificárase(...) xunto coa solicitude da autorización administrativa para as obras.

Cando a aplicación do CTE non sexa urbanística, técnica o economicamente viable, poderá aplicarse baixo o criterio e responsabilidade do técnico que suscriba a memoria, baixo o seu criterio e responsabilidade, aquelas solucións que permitan o maior grao posible de adecuación efectiva.

Non se xustifica o seu cumprimento, facendo unha escueta referencia á documentación final de obra.

Indo máis ao detalle, no DB SI establece que todo establecemento debe constituír sector de incendio diferenciado do resto do edificio, concretamente o uso residencial vivenda en todo caso e a zona de uso aparcamento cuxa superficie construída exceda de 100m², onde ademais calquera comunicación con zonas de outro uso débese facer a través de vestíbulos de independencia.

No reformado do proxecto, o garaxe na planta baixa plantéxase como “garaxe privado”, de máis de 100m² nun edificio de vivendas cuxa separación coa vivenda é unicamente unha porta, polo que non cumpre as condicións impostas no DB SI. Implica ademais o cumprimento dos valores de resistencia ao lume así como que as escaleiras sexan especialmente protexidas Cambio da escaleira de acceso dende o garaxe á vivenda tipo A da planta primeira: de escaleira de caracol con vestíbulo previo a escaleira de tramos rectos sen vestíbulo previo.

ACCESIBILIDADE

Elimínase o acceso ao garaxe na planta baixa.

HABITABILIDADE:

O proxecto obxecto de licenza foi redactado conforme ao Decreto 311/92. Segundo o disposto na Disposición transitoria do Decreto 29/2010, de 4 de marzo de 2010, por el que se aprueban las normas de habitabilidad de viviendas de Galicia, “Las modificaciones que se realicen durante la fase de construcción en proyectos con licencia válida obtenida con anterioridad a la entrada en vigor de estas normas, se regirán por la normativa de habitabilidad aplicable al proyecto en el momento de obtener la licencia.”

As modificacións previstas considéranse obras de remodelación de edificio, xa que varían los límites das vivendas existentes dentro dos límites da edificación; e obras de remodelación de vivenda, xa que se tamén se trata de obras dentro dos límites da vivenda orixinal.

As obras de remodelación do edificio deberán cumprir coas determinacións do Decreto 311/92, que será aplicable ás vivendas obxecto de modificación dos seus límites, así como aos elementos comúns do edificio nos casos que se altere substancialmente a súa distribución. A variación da posición da escaleira terá consideración de modificación substancial e no caso de estudio, na planta baixa supón unha redistribución da mesma, cambiando a posición de embarque.

En canto ás obras de remodelación de vivenda, estarán exentas do cumprimento das NHV sempre e cando non se incremente o número de estancias, como é o caso.

Polo tanto, deberá xustificarse o cumprimento do Decreto 311/92, nas zonas comúns de planta baixa e daquelas vivendas que modifican os seus límites.

CONDICIÓN URBANÍSTICAS

Non se presenta documentación gráfica referente ás cubertas ou alzados polo que se descoñece a solución prevista para as terrazas en cuberta e polo tanto valorar se se continúan a manter as condicións urbanísticas, e polo tanto deberá xustificarse de acordo ao normativa de aplicación.

En conclusión a documentación presentada é insuficiente e incorrecta, polo que deberá presentar o correspondente Proxecto Modificado de Modificado de Básico e Execución completo no cal se xustifique a normativa vixente na actualidade.

A documentación presentada pretende unha modificación substancial e polo tanto nova licenza.

CONCLUSIÓN



Á vista do exposto, nas CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, emítense as seguintes conclusións:

- A documentación presentada debe ser obxecto dun expediente de Licenza de Obra e nel deberá requirirse a seguinte documentación:
 - Proxecto Modificado de Modificado de Básico e Execución completo no cal se xustifique a normativa vixente na actualidade.
 - Oficios da Dirección Facultativa, no caso de que non sexa a mesma que a inicialmente prevista”.

5.- Con data 20.07.2021 (rex entrada sede electrónica 202199900001283) D. Jose Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi S.L, en instancia de “aportación de documentación complementaria” solicita licenza de primeira ocupación parcial, achegando documentación adicional ao respecto.

6.- Con data 03.08.2021 (rex entrada 202199900001440) D. Jose Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi SL, presenta escrito de alegacións co seguinte contido resumido :

-Atópase pendente de resolución o expediente de licenza de primeira ocupación nº 2020/U007/000007.

- Pende en dicho expediente a esencial valoración das obras executadas como modificacións de proxecto con respecto á licenza inicial (nº 211/2006). Atendendo ao previsto no art 38 da Ordenanza municipal cabe a posibilidade de introducir variacións na execución das obras respecto das previstas no proxecto técnico aprobado na licencia concedida; neste caso o arquitecto técnico municipal no informe emitido na data 13.11.17 no expte 2017/U022/000018 (expediente iniciado para a aprobación do modificado da licenza) consideraba as obras realizadas como de carácter non sustancial ou variacións de detalle executables.

-A valoración técnica das modificacións executadas debe ser a mesma, e dado que as modificacións foron realizadas respecto de un proxecto que obtivo licenza antes da entrada en vigor do Decreto 29/2010, que aproba as normas de habitabilidade de vivenda de Galicia, sería de aplicación a normativa de habitabilidade existente ao momento de obtención de licenza (D.T.1ª); nada impide a incorporación ao presente expediente do informe técnico de data 13.11.17 (expte.2017/U022/000018) e xunto coa documentación incorporada ao expediente de LPO solicítase se conceda a licenza de primeira ocupación, sen prexuízo de canta actuación puidera derivarse da inspección urbanística solicitada nas datas 17-06-21 e 2-07-21.

7.- Con data 3.09.2021 (rex saída 202100000001551) remíteselle telematicamente a Construcciones Josapi S.L o informe técnico de data 17.03.2021, sendo aceptada polo destinatario na mesma data.

8.- Con data 25.03.2022 (rex saída 202200000000564) remíteselle a o informe técnico de data 17.03.2021, sendo notificado con data 6.04.2022.

9.- Con data 10.06.22, á vista dos escritos presentados na data 20.07.21 e 3.08.21 dítase providencia de Alcaldía na que se solicita a emisión de informe técnico para continuar coa tramitación do procedemento e resolver a licenza de primeira ocupación solicitada.

10.- Con data 6.07.22 o arquitecto técnico municipal emite informe técnico concluinte en sentido desfavorable co seguinte teor literal:

“Expediente: 2020/U007/000007

Expediente relacionado: 211/2006 (Obra), 2017/U003/000004 (prórroga), 2017/U022/000018 (Reformado) e 2019/U022/000007 (LMT, RBT, CT) 2020/U003/000001 (prórroga)

Asunto: Licenza de primeira ocupación (EXP. OBRA 211/2006)

Interesado/s: CONSTRUCCIONES JOSAPI

Situación:

Referencia catastral:

Data da solicitude: 31/07/2020 11:39:20

Data da solicitude do presente informe:

Providencia da Alcaldía

Data: 09/06/2022

Procedemento: Licenza de Primeira Ocupación

INFORME TECNICO



FINALIDADE E ALCANCE INFORME:

Este informe refírese exclusivamente aos aspectos urbanísticos, segundo os datos que se achegan, a información de que se pode dispoñer e consultados os arquivos existentes no servizo correspondente, nos aspectos da competencia do técnico asinante e non a calquera outra cuestión, aos únicos efectos do solicitado, que resulta o seguinte:

- "...solicítase que, á vista dos escritos presentados polo interesado nas datas 20.07.21 (rex entrada 202199900001283) e 3.08.21 (rex entrada 202199900001440), -posteriores á data do informe técnico que consta neste expediente, emita o pertinente informe técnico para os efectos de poder continuar coa tramitación do procedemento e poder resolver a solicitude de licenza de primeira ocupación presentada..."

NORMATIVA E REFERENCIAS:

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRSU)
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG)
- Plan Xeral de Ordenación Urbana do termo municipal de Cedeira do ano 1995 (PXOM)
- Ordenanza de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13 de outubro de 2014 nº 195)
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

ANTECEDENTES

Relativos á tramitación do expediente:

- 19/10/2020: o interesado presentan instancia para a solicitude de Licenza de primeira ocupación
- 16/03/2021: Informe do técnico que subscribe indicando que as modificacións presentadas teñen o carácter de substanciais e non están amparadas na licenza outorgada. Debendo presentar un proxecto modificado que xustifique tales cambios.
- 20/07/2021: O interesado achega solicitude de licenza de primeira ocupación parcial.

Relativos á edificación existente / actuacións previas:

- 211/2006
08/11/2006: a Xunta de Goberno Local concede licenza de obras para edificio para 16 vivendas (PSS + PB + 2 e 4 PA + BC) con Proxecto de Básico de Setembro de 2006.
28/03/2007: a Xunta de Goberno Local deu conta da presentación do Proxecto Reformado de Básico e Execución de Decembro de 2006.
21/11/2012: Concesión de prórroga para o remate do edificio.
- 2017/U003/000004 e 2017/U022/000018:
08/08/2017: Solicítase unha nova prórroga achegando documentación da reforma do edificio
13/11/2017: Informe do arquitecto técnico municipal requirindo documentación que non foi achegada
23/05/2019: acordouse desestimar e arquivar o expediente.
- 2020/U003/000001:
12/09/2019: O interesado presentan instancia para a solicitude de prórroga de licenza.
19/09/2019: O representante achega documentación complementaria sobre o estado actual da edificación.
10/03/2020: A Arquitecta técnica Municipal emite, entre outras, a seguinte consideración:
"...a documentación presentada pretende unha modificación substancial ... e debe ser obxecto dun expediente de Licenza de Obra..."

CONSIDERACIÓNS:

Analízanse os documentos presentados no relativo ao contido técnico dos mesmos:

4.1. Primeira

Escrito de FRANCISCO JAVIER BELLON LLAMAS
Expediente: 2020/U007/000007 Licenza de primeira ocupación
Registro de entrada 202199900001283
Data de rexistro de entrada: 20/07/2021

Solicitude: (En resumo) Se teña por admitido o escrito, e se resolva o outorgamento da licenza de primeira ocupación

1º Apartado

Contido: (En resumo): A edificación presenta partes claramente diferenciadas e con acceso por portais diferentes

Informe:

Na licenza outorgada non existen edificacións e portais diferenciados, tal e como se pode apreciar no plano achegado con data 20/07/2021, de planta baixa, así como na documentación gráfica que serviu de base a concesión de licenza, observase inequivocamente a existencia dun único portal, que da acceso as zonas comúns da edificación, sendo a través destas zonas comúns dende onde se accede a todas e cada unha das vivendas, non sendo posible a utilización con independencia funcional e autónoma, tanto da vivenda de planta Primeira A, coma do Baixo esquerda.

As obras executadas non se axustan ao proxecto autorizado, tal e como se observa na documentación obran te no expediente, debido a inclusión de variacións no proxecto, tal e como se indica no informe do técnico que subscribe en data 16/03/2021, estas modificacións teñen o carácter de substanciais e non en aspectos de detalle, polo que requiren de nova licenza conforme



ao art. 38.3 da Ordenanza de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira

Non se cumpren os requisitos do artigo 358 do RLSG, para as licenzas de primeira ocupación parcial, conforme ao seguinte:

- Incúmprese o artigo 358.1 e 358.2 parágrafo primeiro. No proxecto autorizado non existen edificios ou portais diferenciados.
- Incúmprese o artigo 358.2.a). As obras executadas non permiten a utilización e ocupación con independencia, xa que a normativa de habitabilidade, tanto a do momento da concesión da licenza, como a vixente, non permiten que o acceso se realice a través do garaxe.
- Incúmprese o artigo 358.2.b). As obras executadas non se axustan as obras autorizadas, conforme aos documentos existentes no expediente.

A licenza de primeira ocupación resulta un acto de comprobación do axuste das obras executadas ás obras autorizadas, o cal non se cumpre no presente suposto.

No presente suposto non existe a situación de edificacións e portais diferenciados, nin se dan as condicións para o outorgamento da licenza de primeira ocupación parcial.

Conclusión: NON procede estimar o exposto

2º Apartado

Contido: (En resumo) Sobre a posibilidade de outorgamento da licenza de primeira ocupación parcial

Informe:

Dáse resposta a esta cuestión no informe do apartado primeiro

Conclusión: NON procede estimar o exposto

3º Apartado

Contido: (En resumo) Sobre o cumprimento dos requisitos para outorgamento da licenza de primeira ocupación parcial

Informe:

Dáse resposta a esta cuestión no informe do apartado primeiro

Conclusión: NON procede estimar o exposto

4º Apartado

Contido: (En resumo) Esta petición non exclúe a valoración do cumprimento da parte da edificación que se pretende excluir da petición de primeira ocupación

Informe:

Dáse resposta a esta cuestión no informe do apartado primeiro

Conclusión: NON procede estimar o exposto

5º Apartado

Contido: (En resumo) Non se permite o acceso a parte que se pretende excluir da licenza de primeira ocupación

Informe:

Na alegación non se expoñen ou aportan cuestións e/ou documentación técnicas que modifiquen o informado anteriormente

Sen contido técnico avaliable para o presente suposto

4.2. Segunda

Documento de FRANCISCO JAVIER CERNADAS VEIGA

Expediente: 2020/U007/000007 Licenza de primeira ocupación

Rexistro de entrada: 202199900001283

Data de rexistro de entrada: 20/07/2021

Contido: Viabilidade urbanística de licenza de primeira ocupación parcial de edificio de vivendas Informe (Xullo 2021)

1º Apartado.

Contido: (En resumo) É posible o uso de forma independente.

Informe:

Dáse resposta a esta cuestión no informe do apartado primeiro do anterior documento

Conclusión: NON procede estimar o exposto

2º Apartado.

Contido: (En resumo) Que a parte do edificio do que se solicita licenza de primeira ocupación parcial conta con acceso propio e independente.

Informe:

Dáse resposta a esta cuestión no informe do apartado primeiro do anterior documento

Conclusión: NON procede estimar o exposto

4.3. Terceira

Documento de FRANCISCO JAVIER BELLON LLAMAS

Expediente: 2020/U007/000007 Licenza de primeira ocupación

Rexistro de entrada: 202199900001440

Data de rexistro de entrada: 03/08/2021

Solicitud: (En resumo) Incorporación ao expediente 2020/U007/000007 do informe técnico municipal emitido no expediente 2017/U022/000018

1º Apartado

Contido: (En resumo): O expediente está pendente de resolución



Informe:

No escrito non se expoñen ou aportan cuestións e/ou documentación técnicas que modifiquen o informado anteriormente
Sen contido técnico avaliable para o presente suposto

2º Apartado

Contido: (En resumo) No expediente 2017/U022/000018 modificación de licenza iniciado en data 07/11/2017 (que indica foi caducado), consta informe do Arquitecto Técnico Municipal en data 13/11/2017, considerando as modificacións como non sustanciais.

Informe:

O expediente 2017/U022/000018 de modificación de licenza de edificación, cuio obxecto resultaba a modificación da licenza orixinal 211/2006, consta desistido e arquivado.

No expediente 2020/U003/000001 de prórroga iniciado en data 04/02/2020 consta emitido informe técnico municipal en data 10/03/2020, indicando que as obras executadas non se axustan a licenza outorgada e que as variacións realizadas durante a obra teñen o carácter de sustancial.

O técnico asinante, ratifícase no informe suscrito en data 16/03/2021 emitido para o presente expediente 2020/U007/000007 de licenza de primeira ocupación, no que en resumo se indica o seguinte:

- Coa documentación obrante no expediente, así como nos expedientes relacionados, compróbase que as obras executadas non se axustan a licenza outorgada e que as variacións realizadas durante a obra teñen o carácter de sustancial, polo que se expón a continuación.

Remodelación do edificio. Modificación dos límites das vivendas dentro dos límites da edificación. Vivenda C e D en planta segunda, terceira e cuarta.

Elimínase o acceso ao garaxe na planta baixa.

Cambio da morfoloxía da escaleira de acceso dende o garaxe á vivenda tipo A da planta primeira: de escaleira de caracol con vestíbulo previo a escaleira de tramos rectos sen vestíbulo previo.

Creación de terrazas no baixo cuberta.

Conclusión: NON procede estimar o exposto

3º Apartado

Contido: (En resumo) É manifesto que as valoracións técnicas que merecieron dito informe han de ser as mesmas, que se debe incorporar o informe ao expediente e concederse a Licenza de primeira Ocupación.

Informe:

Dáse resposta a esta cuestión no informe do apartado anterior.

Conclusión: NON procede estimar o exposto

4.4. Cuarta

Escrito de FRANCISCO JAVIER BELLON LLAMAS

Expediente: 2020/U007/000007 Licenza de primeira ocupación

Registro de entrada: 202199900001283

Data de rexistro de entrada: 20/07/2021

Trámite: Aportación documentación

Data de apertura do trámite: 26/05/2022

Solicitud: Licenza de primeira ocupación parcial

Informe:

A vista da documentación achegada, dáse resposta a esta cuestión no informe do apartado primeiro da consideración primeira do presente documento.

Conclusión: NON procede estimar o exposto

CONCLUSIONES

A vista do exposto, emítense as seguintes conclusións:

5.1. Informe DEFAVORABLE coa seguinte motivación:

Motivación: Apartado de “Consideracións” do presente informe técnico. En particular:

- Non procede o outorgamento da licenza de primeira ocupación, porque as obras executadas non se axustan ao proxecto autorizado.
 - As variacións no proxecto, teñen o carácter de sustanciais e non en aspectos de detalle, polo que requiren de nova licenza conforme ao art. 38.3 da Ordenanza de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira
- Non procede o outorgamento da licenza de primeira ocupación parcial, por incumprimento do requisitos expostos nos artigos 143.2 da LSG, 358 do RLSG e 42.2 da Lei de Vivenda.

5.2. Incoación de Expediente de Reposición da Legalidade:

Conforme ó disposto no artigo 152 e 153 da LSG, trátase dunha actuación con título habilitante incumprindo as condicións sinaladas nel, e procede a incoación de expediente para á adopción de medidas de restablecemento da legalidade e sancionadoras”.

11.- Con data 8.07.2022 dítese providencia de Alcaldía pola que á vista do informe técnico emitido en sentido desfavorable na data 6.7.22 se lle concede trámite de audiencia ao interesado (notificada con data 8.07.2022).



12.- Con data 26.07.2022 (rex entrada 202299900001508) D. Jose Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi SL, presenta escrito de alegacións co seguinte contido resumido:

- Resulta significativo que se emita agora o informe que se nos trasladou unha vez que o concello é coñecedor da existencia de dous procedementos contencioso administrativo interpostos pola mercantil. Calquera decisión que adopte o concello respecto dos procedementos contencioso administrativos existentes (nº 72/2022, e 75/2022) -que teñen por obxecto a modificación de obras efectuadas así como o incumprimento da obriga de resolver en prazo a solicitude de LPO parcial- será causa suficiente para ampliar o contido do recursos interpostos

- O informe técnico de data 6.07.22 é unha mostra de falta de obxectividade e de imparcialidade esixible a calquera funcionario, nel se omite o informe do arquitecto técnico municipal anterior no que se cualificaban as modificacións como non substanciais ou de detalle; a dita opinión técnica fíxose respecto do mesmo modificado que agora o arquitecto técnico municipal cualifica doutro modo, sen que exista circunstancia algunha que xustifique que ante uns mesmos feitos a opinión técnica sexa distinta. Serán os órganos xudiciais os que declararán con plena eficacia a valoración que merecen as modificacións que xa foron executadas.

- A omisión do informe técnico do arquitecto técnico municipal emitido no expediente 2017/U022/000018 contraponse á expresa referencia ao informe que datado o 10.3.2020 asegura que foi realizado pola arquitecta técnica municipal no expte 2020/U003/000001 e que nunca lle foi remitido á mercantil. Tal diferente trato é unha mostra da actitude municipal de perda de obxectividade e imparcialidade esixible.

Co rechazo das alegacións presentadas non se ten en conta a realidade da obra.

Existe pasividade municipal fronte a denuncia urbanística presentada respecto das actuacións realizadas na pranta A e o baixo esquerda do edificio, toda vez que non se realiza inspección das referidas actuacións .

Outra actuación que mostra a ausencia de obxectividade e imparcialidade é o feito de ter sido requirida a subsanación do pago da taxa de licenza de edificación no expediente para a modificación da obra, toda vez que se realiza tras o coñecemento do concello da interposición dos recursos contencioso –administrativos.

13.- Con data 11.08.22 dítase providencia de Alcaldía na que á vista do escrito de alegacións presentado na data 26.07.22 solicítase a emisión dos informes necesarios.

14.- Con data 12.8.22 o arquitecto técnico municipal emite informe sobre as alegacións presentadas polo interesado na data 26.07.22 co seguinte teor literal :

***Expediente:** 2020/U007/000007

Expediente relacionado: 211/2006 (Obra), 2017/U003/000004 (prórroga), 2017/U022/000018 (Reformado) e 2019/U022/000007 (LMT, RBT, CT) 2020/U003/000001 (prórroga)

Asunto: Licenza de primeira ocupación (EXP. OBRA 211/2006)

Interesado/s: CONSTRUCCIONES JOSAPI

Situación:

Referencia catastral:

Data da solicitude: 31/07/2020 11:39:20

Data da solicitude do presente informe: Providencia da Alcaldía

Data: 11/08/2022

Procedemento: Licenza de Primeira Ocupación

INFORME TECNICO

1. **FINALIDADE E ALCANCE INFORME:**

Este informe refírese exclusivamente aos aspectos urbanísticos, segundo os datos que se achegan, a información de que se pode dispoñer e consultados os arquivos existentes no servizo correspondente, nos aspectos da competencia do técnico asinante e non a calquera outra cuestión, aos únicos efectos do solicitado, que resulta o seguinte:

“...solicítase que, á vista do escrito presentado polo interesado en data 26/07/22 (rex entrada 202299900001508) se emitan os informes necesarios”.

2. **ANTECEDENTES**

Os expostos no informe anterior.

3. **CONSIDERACIÓNS:**



Analízanse os documentos presentados no relativo ao contido técnico dos mesmos:

4.1. Primeira

Escrito de FRANCISCO JAVIER BELLON LLAMAS

Expediente: 2020/U007/000007 Licenza de primeira ocupación

Rexistro de entrada 202299900001508

Data de rexistro de entrada: 26/07/2022

Contido: (En resumo) Alegacións

1ª Alegación

Contido: Sen contido técnico

Informe: Sen contido técnico avaliable para o presente suposto

Conclusión: Polo exposto, non procede estimar a alegación.

2ª Alegación

Contido técnico avaliable, en resumo: “Omisión nos antecedentes do informe técnico municipal de data 13/11/2017,”

Informe: No informe emitido por este técnico en data 06/07/2022 faise expresa referencia ao informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 13/11/2017, nos antecedentes relativos á edificación existente / actuacións previas e na consideración terceira, na análise do 2º apartado.

Conclusión: Polo exposto, non procede estimar a alegación.

3ª Alegación

Contido técnico avaliable, en resumo: “Sobre a documentación a efectos de emisión de informe”

Informe: Os informes analizan á documentación presentada. Sen que conste nova documentación que modifique o sentido dos informes emitidos polo técnico asinante.

Conclusión: Polo exposto, non procede estimar a alegación.”

15.- Con data 4.10.22 dítase providencia de Alcaldía solicitando a emisión de informe xurídico en catro expedientes de licenza de primeira ocupación, sendo informado o sr. Alcalde da imposibilidade de dar cumprimento ao solicitado por concorrer novas xestións encomendadas pola Alcaldía a técnica de administración xeral polo que se solicita que se reorganicen prioridades.

16.- Con data 4.05.2023 incorpórase ao expediente dilixencia de comparecencia de

coa avogada autorizada Dª

aportando documentación acreditativa da súa condición de propietarios.

17.- Con data 9.05.2023 (rex entrada 2023999000001038) Dª

en representación de presenta escrito no que solicita coñecer o estado de tramitación do expediente relativo ao edificio sito e a remisión de copia do certificado final de obra que conste no expediente.

18.-Con data 6.10.23 dítase providencia de Alcaldía solicitando que se emita no expediente o pertinente informe xurídico, sendo informado o sr. Alcalde novamente que a encomenda a técnica de administración xeral de novas prioridades imposibilita a emisión de informe xurídico, concluíndo a necesidade de adoptar un criterio organizativo e reorganizar prioridades mediante as pertinentes providencias.

19.- Con data 21.11.2024 dítase providencia de Alcaldía solicitando que se emita o pertinente informe xurídico para os efectos de continuar coa tramitación do expediente.

20.- Con data 16.12.2024 emite informe xurídico a técnico de administración xeral cuxo contido se reproduce nas consideracións xurídicas desta proposta de acordo e no que se conclúe que:

“Vista a documentación do expediente, en concreto, constando no mesmo informe técnico concluínte emitido polo arquitecto técnico municipal na data 6.07.22, tendo sido concedido trámite de audiencia ao interesado e emitido informe técnico concluínte de data 12.08.22 desestimatorio das alegacións presentadas, considérase que o expediente se está tramitando de acordo co procedemento establecido na normativa de aplicación polo que se informa en sentido favorable coa observación recollida na consideración xurídica quinta 5.2.II.2; procede continuar coa tramitación do procedemento debendo, a Xunta de Goberno Local, como órgano competente adoptar o pertinente acordo que poña fin a este procedemento.

Advírtese que en cumprimento do previsto no art.88.6 da Lei 39/2015, para os efectos de que os informes técnicos e xurídico sirvan de motivación ao acordo municipal que se adopte deben incorporarse ao texto do mesmo.

A maior abundamento advírtese, en relación cos “expedientes relacionados” nos antecedentes de feito deste informe, que deben resolverse de xeito expreso todos os expedientes que se atopan en tramitación, debe avanzarse na tramitación das comunicacións previas así como na tramitación das denuncias presentadas.



Así mesmo, téndose detectado a execución de obras non axustadas á licenza inicialmente concedida (nº 211/06), nin amparadas en título habilitante posterior, procede que por parte da Administración se adopten as medidas de protección e restauración da legalidade, así como a imposición das sancións que, de se-lo caso, sexan pertinentes.”

21.- Expedientes relacionados, que salvo erro ou omisión involuntaria, son :

21.1.- Expte nº 211/06 (licenza de obras maiores), no que constan como últimas actuacións: acordo da Xunta de Goberno Local (XGL) de data 08.11.06 polo que se concede a Construcciones Josapi S.L licenza municipal de obra maior para edificio de planta semisoto, unha planta baixa para garaxe e trasteiro (2 e 4 plantas tipo) e baixo cuberta para 16 vivendas,

acordo da XGL de data 27.12.06 polo que se da conta da presentación do proxecto de demolición; acordo da XGL de data 28.03.07 polo que se da conta da presentación de documentación; acordo da XGL de data 21.11.12 polo que se concede prórroga do prazo da licenza nº 211/06.

21.2.- Expte nº 2017/U003/000004 (prórroga licenza obra 211/2006) onde consta como última actuación a resolución de Alcaldía nº 290/2019 de data 23.05.19 de arquivo do expediente por desistimento, notificada ao interesado con data 27.05.19.

21.3.- Expte nº 2017/U022/0000018 (modificación licenza 211/2006), onde consta como última actuación a resolución de Alcaldía nº 289/2019, de data 23.05.19, de arquivo do expediente por desistimento, notificada ao interesado con data 27.05.19.

21.4.- Expte nº 2019/U022/000007 (LMTS, LBTS, e CT en edificio non prefabricado para subministración dos edificios de vivendas sitios onde consta, como última actuación a resolución de Alcaldía nº 219/2020 de data 4.05.2020 de arquivo do expediente licenza de edificación e inicio tramitación expediente comunicación previa de obra nº 2020/U026/000039.

21.5.- Expte nº 2019/X999/000096 (solicitude conformidade/ oposición coa autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción onde consta como actuación administrativa a reiteración da solicitude efectuada pola Xefatura Territorial da Coruña da Cª de Economía, Emprego e Industria.

21.6.- Expte nº 2020/U010/000022 (acometida), onde consta como última actuación informe técnico do arquitecto técnico municipal, de data 15.03.2021, de requirimento de documentación.

21.7.- Expte nº 2020/U026/000039 (LMTS, LBTS, e CT en edificio non prefabricado para subministración dos edificios de vivendas sitios onde consta como última actuación administrativa providencia de Alcaldía de data 1.02.21 de requirimento de documentación, notificada ao interesado en data 05.02.2021.

21.8.- Expte nº 2020/U003/000001 (prórroga 1ª obra 211/06) onde consta como última documentación as alegacións presentadas por D. José Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi SL (rex entrada de data 26.7.22, nº 2022999000001507)

21.9.- Expte nº 2021/U001/0000107 (certificación urbanística) onde consta como última actuación administrativa certificado urbanístico de data 28.09.2021 (rex saída 202100000001781), notificada na data 28.09.2021.

21.10.- Expte nº 2022/U022/000022 (modificación 1ª obra 211/06) relacionado co expte 2023/X999/000062 onde consta como última actuación administrativa informe da tesoureira municipal de data 3.01.2024

21.11.- Expte nº 2023/U007/000002 (comunicación previa de primeira ocupación) onde consta como última actuación resolución de Alcaldía de data 13.03.23, nº 113/2023 inadmitindo a solicitude de recusación do técnico municipal por carecer de fundamento, notificada a resolución con data 13.03.2023.

Así mesmo consta na aplicación informática Tedec a seguinte documentación sen número de expediente:



- Denuncias de D. Jose Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi S.L de data 17.06.21 (rex entrada 202199900001070), de data 2.07.21(rex entrada 202199900001127) e de data 1.08.22 (rex entrada 202299900001540), sendo verificado no historial de distribución da referida documentación que as dúas primeiras denuncias foron delegadas á Policía Local.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- CONSIDERACIONES XURÍDICAS XERAIS

Primeira.- Coa entrada en vigor o 01.01.23 da Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas leváronse a cabo varias modificacións na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e na Lei 8/12, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, en concreto suprimíronse as licenzas de primeira ocupación, quedando suxeita a primeira ocupación das edificacións ao título habilitante das comunicacións previas.

Neste expediente de licenza de primeira ocupación, non tendo constancia de que o interesado teña desistido da súa solicitude, procede continuar coa tramitación da licenza de primeira ocupación solicitada con aplicación da normativa que estaba en vigor no momento da solicitude, ditándose no seu momento a resolución que proceda.

Segunda.- Están suxeitas a previa licenza, sen prexuízo das autorizacións, licencias ou concesións segundo a lexislación específica aplicable, os actos de primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral.

De acordo co art.42* da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia, unha vez concluídas as obras de construción dos edificios e das vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello onde radique o inmovible e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que no seu caso esixa o concello competente.

*Artículo 42 suprimido por el apartado dos del artículo 12 de la Ley 7/2022, 27 diciembre, de medidas fiscales y administrativas («D.O.G.» 30 diciembre). Vigencia: 1 enero 2023

A actividade municipal que se despreza nos casos de licenza de primeira ocupación constitúe principalmente unha actividade de inspección técnica de comprobación material sobre o terreo das obras realizadas toda vez que a licenza de primeira ocupación se presenta como algo distinto e separado da preceptiva licenza de obras, anterior no tempo e cuxa execución se debe realizar con suxeición ós termos e condicións recollidos no clausulado da licenza.

Terceira.- Normativa de aplicación:

- Artigo 142 e seguintes da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- Artigos 349 e seguintes do regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia , aprobado polo Decreto 143/2016 de 22 de setembro
- Artigos 42 e seguintes da lei 8/2012 de 29 de xuño de vivenda de Galicia.
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivenda en Galicia.
- Artigo 10 do Decreto 106/2015 de 9 de xullo sobre contaminación acústica.
- Artigos 61.1 o) e 288 de la Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto sobre visado colexial obrigatorio.
- Ordenanza municipal de regulación de tramitación de licencias urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do concello de Cedeira (BOP 13.10.2014).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cuarta .- 4.1.- Da referida normativa de aplicación cómpre salientar dende o punto de vista procedimental, sen ánimo exhaustivo, os seguintes artigos :



-No artigo 143.4*, da Lei 2/2016 do solo de Galicia establece que:

“4. Para otorgar la licencia de primera ocupación de edificaciones, previa visita de comprobación de los servicios técnicos municipales, se exigirá certificado final de obra de técnico competente en el que conste que las obras están completamente terminadas y se ajustan a la licencia otorgada.

Podrán otorgarse licencias de primera ocupación parciales, por edificios o portales completos, en los términos y condiciones que se determinen reglamentariamente.”

Número 4 del artículo 143 suprimido por el apartado nueve del artículo 14 de la Ley 7/2022, 27 diciembre, de medidas fiscales y administrativas («D.O.G.» 30 diciembre). Vigencia: 1 enero 2023

- No regulamento da lei do solo de Galicia a regulación das licencias de primeira ocupación atópase no art 353 e 355, referíndose neste último que:

“3. Las solicitudes de licencia de primera ocupación o utilización que se refieran a edificaciones amparadas en licencia de obras que requirieran proyecto técnico, deberán acompañarse de un certificado acreditativo de la efectiva y completa finalización de las obras, previa a la visita de comprobación de los servicios técnicos municipales, suscrito por técnico competente y visado por el colegio profesional cuando así lo exija la normativa vigente, así como una declaración del técnico sobre la conformidad de las obras ejecutadas con el proyecto autorizado por la licencia de obras correspondiente.

Se adjuntará igualmente a la solicitud documentación justificativa de la puesta en funcionamiento de las instalaciones ejecutadas en el inmueble de conformidad con su normativa reguladora y, en su caso, certificación emitida por las empresas suministradoras de los servicios públicos, de la adecuada ejecución de las acometidas de las redes de suministro.

Podrán otorgarse licencias de primera ocupación parciales en los términos previstos en el art 358.2 de este reglamento.”

Por alusión, no art 358 regúlense as licencias de primeira ocupación parciais co seguinte teor literal:

“1. El ayuntamiento podrá otorgar licencias de obras parciales que autoricen la realización de fases concretas de un proyecto básico de edificación, siempre que sean autónomas y funcionalmente independientes. Para el inicio de las obras será necesaria la presentación del proyecto de ejecución referido a la fase de que se trate.

2. Podrán otorgarse licencias de primera ocupación parciales, por edificios o portales completos, siempre que se cumplan las siguientes condiciones:

a) Que el estado de ejecución de las obras autorizadas permita su utilización y ocupación con independencia de la parte del edificio o la construcción inacabada.

b) Que la parte para cuya ocupación o utilización se solicite licencia fuese ejecutada íntegramente de conformidad con el proyecto autorizado y, si procede, con sus modificaciones y con las condiciones de la licencia urbanística otorgada.

c) Que su utilización y ocupación y el final de las obras no se interfieran mutuamente de forma grave.

d) Otras que establezcan las ordenanzas municipales de la edificación, si procede.

3. En los supuestos indicados en el apartado anterior, el ayuntamiento podrá exigir mediante acuerdo motivado que el solicitante constituya garantía para asegurar la correcta ejecución de las obras restantes.

4. También pueden otorgarse licencias de ocupación o utilización limitadas a partes de las construcciones e instalaciones que cumplan la normativa urbanística, cuando existan otras partes que no se ajusten a la licencia en aspectos de detalle o escasa entidad, siempre que se cumpla lo previsto en la letra a) del número 2 de este artículo y que se constituya garantía, sin perjuicio de ejercer las potestades de disciplina urbanística que fuesen procedentes

- Nos artigos 42* e 43* da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia se refire ás licencias de primeira ocupación do seguinte xeito :

“Licencia de primera ocupación y declaración de obra nueva

Artículo 42. La licencia de primera ocupación

1. Una vez concluidas las obras de construcción de los edificios o viviendas, el promotor solicitará la licencia de primera ocupación en el ayuntamiento en el que radique el inmueble, y acompañará a su solicitud la certificación final de obra y demás documentación que, en su caso, exija el ayuntamiento competente.



2. Sin perjuicio de lo que establezca la reglamentación urbanística, podrán otorgarse licencias de primera ocupación parciales, por edificios o portales completos, cuando la parte de la obra objeto de la licencia cumpla los siguientes requisitos:

– Que tenga consideración de obra completa y cumpla todas las exigencias y toda la normativa técnica aplicable.

– Que sea susceptible de utilización independiente.

– Que, en su caso, la urbanización interior y exterior de la parcela directamente vinculada a la edificación para la que se solicita la licencia se encuentre totalmente finalizada y se garantice el cumplimiento de las obligaciones urbanísticas de la parcela que sirvió de base para la obtención de la licencia de obra.

3. La Administración, previa visita de comprobación de los servicios técnicos municipales, deberá resolver la solicitud y notificársela a la persona interesada en el plazo máximo de dos meses, a contar desde la fecha en que la solicitud tuvo entrada en el registro general del ayuntamiento.

Artículo 43. Servicios

1. La licencia de primera ocupación es el único documento que permite la conexión del abastecimiento de agua potable, saneamiento, electricidad, gas, telecomunicaciones y otros servicios comunitarios.

2. La Administración municipal, previa audiencia concedida al promotor del edificio o vivienda, podrá ordenar el corte del suministro contratado sin la existencia previa de la licencia de primera ocupación.”

*Artículo 42 suprimido por el apartado dos del artículo 12 de la Ley 7/2022, 27 diciembre, de medidas fiscales y administrativas («D.O.G.» 30 diciembre). Vigencia: 1 enero 2023
*Artículo 43 suprimido por el apartado tres del artículo 12 de la Ley 7/2022, 27 diciembre, de medidas fiscales y administrativas («D.O.G.» 30 diciembre). Vigencia: 1 enero 2023

4.2.- O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza de primeira ocupación de acordo coa normativa de aplicación é o seguinte :

4.2.1.- Presentada a solicitude xunto co certificado final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente, instarase os Servizos Técnicos Municipais para que realicen unha visita de comprobación á edificación en relación coa que se solicita a licenza .

4.2.2.- A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, haberá de resolver expresamente a solicitude e notificar á persoa interesada a resolución no prazo máximo de dous meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (art 143* da Lei 2/2016 e art. 42* da Lei 8/2012)

4.2.3.- Corresponde ó Alcalde resolver en virtude do disposto no artigo 61.1.o) da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Mediante resolución de Alcaldía de data 10.07.23 (decreto 345/2023) delégase a concesión de licencias urbanísticas na Xunta de Goberno Local .

II.- CONSIDERACIONES XURIDICAS PARTICULARES

Quinta.- 5.1.- No tocante á lexitimación activa deste expediente, á vista da documentación incorporada, cómpre diferenciar os seguintes interesados:

Por unha parte, o promotor do expediente, Construcciones Josapi SL; a solicitude de licenza de primeira ocupación foi presentada por D. Jose Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi SL, obrando en poder desta administración a escritura notarial de data 25.09.2017, na que se identifica a D. Jose Javier Bellón Lamas como administrador único da entidade Construcciones Josapi S.L, dando así cumprimento ao previsto no art.5 da Lei 39/2015.

- Por outra parte, con data 4.05.2023 comparecen no expediente D^a

, xunto coa avogada autorizada D^a , achegando documentación acreditativa da súa condición de propietarios dos pisos 2ºC, 3ºA e 4ºA, respectivamente, do edificio sito

, polo que ao abeiro do previsto no art.4 da Lei 39/2015, dende a súa consideración de interesados nos procedementos administrativos que teñan por obxecto a referida edificación deberán, en aplicación do principio de información e participación dos interesados,



notificárselles calquera actuación administrativa que se emita nos distintos expedientes que teñan por obxecto a referida edificación.

5.2.- D. Jose Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi S.L, solicita licenza de primeira ocupación con data 31.07.2020 (A.F nº 1) se ben con data 20.07.2021 (A.F nº 5) solicita a licenza de primeira ocupación parcial.

A licenza de primeira ocupación é un acto administrativo por medio do cal a Administración verifica unha serie de extremos, entre os que se atopan, que as obras de edificación están completamente rematadas, que as obras executadas se axustan ó proxecto técnico obxecto das pertinentes licenzas, e se cumpriron os condicionantes da licenza outorgada; que se cumpriron os deberes de urbanización previstos como unha obriga legal derivada da normativa de aplicación que de xeito xeral conforman o réxime xurídico da propiedade, e que o edificio cumpre os requisitos esixidos para ser destinado a uso residencial así como as condicións técnicas de seguridade, salubridade e ornatos públicos.

Como puxo de manifesto en reiteradas ocasións o TS, a licenza de primeira ocupación (LPO) ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, comprobando que o edificio ou instalación se acomoda ás previsións contidas no proxecto ou instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de edificación e se respectaron os termos e condicións establecidos na dita licenza, de xeito que se existe adecuación, a licenza de primeira ocupación non pode ser denegada constituíndo unha actividade regrada, sensu contrario, se non existe adecuación, procede a denegación da LPO.

Como xa se ten incidido en numerosas ocasións garantir o cumprimento dos principios procedimentais de legalidade, confianza lexítima, seguridade xurídica, congruencia, igualdade... debe ser unha prioridade en todas as actuacións administrativas e dende esta perspectiva analizase de seguido, con respecto á tramitación deste expediente, cuestións procedimentais de diversa índole:

D).- En primeiro lugar, e de especial relevancia para os efectos de adoptar unha resolución congruente e axeitada neste expediente, debe acotarse o obxecto do mesmo, que non é outro que a primeira ocupación do edificio sito polo que toda a documentación que exceda do referido obxecto deberá sustanciarse nos pertinentes expedientes, non neste:

Dende a solicitude de licenza de primeira ocupación, presentada na data 31.07.2020, e a solicitude de licenza de primeira ocupación parcial, presentada na data 20.07.2021, foron achegados por D. Jose Javier Bellón Lamas, en representación de Construcciones Josapi S.L, escritos de alegacións que xiran entorno ás modificacións executadas con respecto á licenza orixinal, e en concreto á súa valoración como modificacións non sustanciais. Fronte ao exposto, e en aras de non desnaturalizar o obxecto deste expediente de Licenza de Primeira Ocupación (LPO), as modificacións levadas a cabo con respecto da licenza de obra inicial, e polo tanto os escritos presentados co referido contido, deben ser obxecto e sustanciarse no pertinente expediente de modificación de licenza – neste caso no exp. 2022/U022/000022- toda vez que a finalidade da licenza de primeira ocupación é a verificación de que as obras realizadas se axustan á licenza de obras concedida, non podendo pretender convalidar as obras ao concederse, de se-lo caso, a LPO. A doutrina do TS non deixa dúbidas ao respecto, así a STS de 17 de abril de 1990 establece que as cuestións de edificación ilegal por falta de licenza ou por contravenir a outorgada, teñen a súa específica regulación *«y no se puede aprovechar el trámite de la licencia de instalación o de apertura para tratar de solucionar los problemas de ilegalidad o de falta de legalización de la de obras que tiene su propio camino y tratamiento; pues, como declaran, entre otras, además de las ya citadas, las sentencias de 29 de septiembre de 1985, 5 de octubre de 1981, 13 de julio de 1983, 30 de abril de 1984, 4 de noviembre de 1985 y 30 de enero de 1989, las licencias de primera utilización de los edificios -al igual que las de apertura e instalación han de otorgarse o denegarse con carácter tan reglado, que la autoridad correspondiente está*



obligada a resolverlas dentro de los límites previstos en la normativa urbanística aplicable, y no pueden plantearse temas que desborden su propio ámbito;», engadindo que «no puede utilizarse la licencia de instalación para exigir regularizar la de obras, ya que como dice la sentencia de 22 de enero de 1986, se incurre en tal caso en desviación de poder, tanto por emplear la facultad de control de la primera utilización de un edificio para fiscalizar la adecuación de la obra a la licencia y a la normativa urbanística (fin distinto del prescrito por esta normativa), como por utilizar para este desviado fin un procedimiento diferente del legalmente previsto en los arts. 184 y siguientes citados de la Ley del Suelo; siendo también paradigmas de esta doctrina la sentencia de 29 de marzo de 1989 y de 27 de marzo de 1990».

Directamente relacionado co exposto, cómpre puntualizar que o primeiro informe técnico municipal que se emite na data 17.03.2021(A.F nº 4) - malia encadrarse no expediente de Licenza de primeira ocupación- plantéxase como informe de modificación de licenza -tal e como se refire na súa rúbrica-, e dende esa perspectiva analiza as modificacións indicadas na documentación aportada polo interesado. Non se considera éste un informe técnico ao uso dun expediente de LPO toda vez que centrándose na análise da entidade das modificacións efectuadas, conclúe -entre outras cuestións- a necesidade dun proxecto modificado completo no que se xustifique a normativa vixente na actualidade. Este primeiro informe técnico só sería relevante neste expediente de LPO para deixar constancia da existencia de modificacións executadas con respecto á licenza inicial sen título habilitante que lles dea cobertura.

Dende a perspectiva do carácter regrado das licencias, e tendo en conta cal é o obxecto da licenza de primeira ocupación, o feito de que existan modificacións executadas con respecto á licenza de obra inicial sen título habilitante que as ampare, sí ten relevancia de cara á licenza de primeira ocupación, toda vez que determinará a imposibilidade de concesión da mesma; pero en contra do alegado polo dicente, non ten relevancia neste expediente de LPO a concreta valoración da entidade das obras executadas, isto é se as modificacións detectadas con respecto á licenza de obra inicial deben cualificarse de detalle o substanciais, toda vez que, en interpretación do previsto no art.38 da Ordenanza Municipal, considérase para ambos casos –sexan modificacións de detalle o modificacións substanciais- a esixencia de título habilitante previo á LPO co fin de dotar de cobertura as obras executadas. O artigo 38 da Ordenanza Municipal refire que se durante o transcurso dunha obra fose necesario ou conveniente introducir algunha variación no proxecto, distinguírase se as modificacións son substanciais ou se se trata de variacións de detalle e :

“(…)No suposto de que se trate de modificaciones substanciais, deberá solicitarse previamente a oportuna licenza, coa documentación esixida.

4.- Se a xuízo da dirección facultativa da obra se tratase de variacións de detalle, poderán continuarse os traballos baixo a responsabilidade da persoa titular da licenza, caso no que deberá presentar as modificacións antes de solicitar a licenza de primeira ocupación, e esixíraselle que coa presentación da solicitud incorpore memoria e planos da situación final da obra nos que queden perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións introducidas.”

A efectos aclaratorios, e de acordo co seguido en expedientes similares, hai que puntualizar que o referido artigo non exime da necesidade de obter título habilitante que ampare as obras executadas, senón que determina o momento procedimental no que o referido título habilitante deberá solicitarse/obterse: no caso de modificacións de detalle pode continuarse coa obra se ben de xeito previo á LPO deberá obtelo e no caso de modificacións substanciais debería terse obtido antes de levarse a cabo a execución das obras; de acordo co exposto, en ambos casos todas as obras executadas quedarían amparadas en título habilitante e chegado o momento,neste caso no expediente de primeira ocupación, se podería concluir, de se-lo caso, a coincidencia entre o executado e o autorizado.

En conclusión, non se debe entrar para a resolución deste expediente na valoración da entidade das modificacións executadas –plantexada de xeito reiterado polo promotor e informadas inicialmente polo técnico municipal- por exceder a dita cuestión do obxecto deste procedemento de LPO.



II.- Para os efectos de poder avanzar na tramitación deste expediente e adoptar un acordo que garanta o cumprimento dos principios procedimentais básicos, cómpre verificar de xeito previo os seguintes extremos procedimentais:

II.1.- Con carácter xeral o informe técnico municipal, que se emite en cumprimento do previsto no art.143.2 da Lei 2/2016, é o determinante no procedemento de concesión de licenzas debendo este informe ter por finalidade, no caso das licenzas de primeira ocupación, a verificación motivada dos extremos referidos na consideración xurídica 5.3, de aí que a motivación / conclusión que no informe técnico se conteña debe servir de fundamento para a concesión/denegación da licenza de primeira ocupación. O informe técnico debería de ser concluínte no sentido da procedencia ou non da concesión da licenza de primeira ocupación solicitada. Neste expediente consta ao respecto informe técnico concluínte emitido en sentido desfavorable polo arquitecto técnico municipal na data 6.07.22 (A.F nº 10) e informe técnico de data 12.8.22 (A.F nº 14) desestimatorio das alegacións presentadas no trámite de audiencia concedido, que mantén o seu sentido desfavorable.

II.2.- Considerando que a motivación/ conclusión que no informe técnico se conteña debe ser a determinante e servir de fundamento para o acordo que se adopte, neste caso con respecto á motivación dada no informe técnico cómpre realizar as seguintes observacións:

No art.195.6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia refírese que para outorgar licenza de primeira ocupación esixírase certificado final de obra do técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais. Ao respecto, e chegados ao momento procedimental no que se atopa o expediente, plantéxanse como observacións as seguintes cuestións:

-O certificado final de obra aportado polo promotor, salvo erro ou omisión involuntaria, non se remite completo, toda vez que se atopa asinado na data 30.12.2019 polo director de execución da obra (arquitecto técnico) e polo director da obra (arquitecto) e se ben refire como documentación adxunta o Anexo I (descripción das modificacións que, coa conformidade do promotor, se tivesen introducido durante a obra facendo constar a súa compatibilidade coas condicións da licenza) e como Anexo II (relación dos controis realizados durante a execución da obra e os seus resultados), só consta achegado o Anexo II.

- Nos informes técnicos existentes no expediente non se constata expresamente que se tivese efectuado visita de comprobación á edificación, pero isto non impide ao técnico municipal informar sobre a realidade documentada polo promotor, e concluír a existencia de modificacións con respecto á licenza inicial, feito relevante xa de por si para servir de sustento argumental aos informes técnicos concluíntes emitidos en sentido desfavorable toda vez que o control que a Administración realiza sobre a construción a través da LPO consiste en verificar se o edificado se axusta aos termos do proxecto e condicións da licenza outorgada.

A falta de visita de inspección non imposibilita ao técnico municipal a emisión de informe técnico concluínte toda vez que constata -a través da concorrencia das diferentes probas documentais que de seguido se refiren e se valoran en conxunto- a existencia de modificacións executadas con respecto á licenza de obra inicial:

a) o certificado final de obra asinado polo director de execución de obra e polo director da obra, que de acordo co previsto no art.17.7 da Lei 38/99, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, goza da presunción de veracidade e exactitude e, que se ben non se atopa completo, reflicte a existencia de modificacións.

b) o recoñecemento do promotor, nos escritos presentados, da existencia de modificacións executadas con respecto á licenza inicial.

c) o arquitecto redactor da documentación técnica que se incorpora ao expediente recolle a realidade das modificacións executadas.

En conclusión, o técnico municipal verifica a existencia de obras executadas que non se axustan á licenza outorgada, nin están amparadas en título habilitante posterior, polo que non cabe



outra resolución, dado o carácter regrado das licenzas, que denegar a licenza de primeira ocupación solicitada inicialmente e da licenza de primeira ocupación parcial solicitada con posterioridade.

II.3.- Por último, sendo emitido informe técnico concluínte desfavorable na data 6.07.2022 (A.F nº 10), verificase a concesión do trámite de audiencia (A.F nº 11) que se lle notifica ao interesado en data 08.07.22 e sendo presentadas con data 26.7.22 escrito de alegacións (A.F nº 12) no trámite de audiencia concedido, o técnico municipal emite informe técnico na data 12.8.22 no que se analizan as alegacións presentadas, desestimando as mesmas, e mantendo o sentido desfavorable do seu informe.

Reiterar novamente que, mantendo o criterio referido na consideración xurídica 5.2.I, as alegacións presentadas relativas a cal debe ser a cualificación das modificacións executadas con respecto ao licenza inicial, exceden do ámbito do presente procedemento, polo que non procede a súa consideración neste expediente.

Polo exposto, con base nos informes técnicos del arquitecto técnico municipal de datas 06.07.2022 e 12.08.2022 e no informe xurídico da técnico de administración xeral de data 16.12.2024, transcritos nos antecedentes de feito cuxo contido se incorporan ao texto da presente proposta en cumprimento do previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015 co fin de servir de motivación da mesma, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Denegar a licenza de primeira ocupación solicitada por Construcciones Josapi S.L. na data 31.07.2020 e a licenza de primeira ocupación parcial solicitada na data 20.07.2021 para a edificación sita (ref. catastral nº ...)
2. Notificar o presente acordo a todos os interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000001 (PROXECTO EXECUCIÓN)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17.12.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 20.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000001 (PROXECTO EXECUCIÓN)

OBXECTO:	Rehabilitación vivenda unifamiliar no
PROMOTOR/A:	
CONSIDERACIONES URBANISTICAS:	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto de Execución para Rehabilitación e Ampliación de Vivenda Unifamiliar. Redactoras: Patricia Montes Andrés COAG 2907 e Carmen Boedo Blanco COAG 3100



Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.04.2024, notificado con data 06.05.2024 polo que se concede licenza de edificación a D. para vivenda unifamiliar en coas seguintes condicións particulares citadas no informe técnico de data 08.04.2024:

A documentación aportada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar:

- Para o inicio das obras será necesaria a presentación e comprobación da integridade documental do proxecto de execución completo.
- Cumprirse o condicionado da/s autorización/s sectoriais.
- Deberá executarse a costa do promotor a conexión cos servizos existentes e urbanización da superficie de cesión. O prazo de execución non excederá de tres meses dende a terminación da edificación e xustificarse antes da primeira ocupación.
- Consta resolución de Augas de Galicia polos usos privativos por Disposición legal. Recoñecemento do dereito e inscrición no Rexistro de augas de data 12.01.2024 (clave: DH.B15.91340)

Vista a documentación presentada na data 18.11.2024 rexistro de entrada nº: 202499900002383.

Visto o informe técnico do arquitecto municipal de data 13.12.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO:**

1º) Dar por cumprida a condición particular imposta na licenza de edificación concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.04.2024 no relativo á presentación do proxecto de execución, e en consecuencia, sendo suficiente para iniciar as obras.

2º) As obras executaranse de acordo cos proxectos autorizados no expediente.

3º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000040

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17.12.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 20.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000040

OBXECTO:	Mantemento Pintado das galerías da vivenda situada en
-----------------	---



PROMOTOR/A:	
CONSIDERACIONS URBANISTICAS:	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo urbano residencial en núcleo antigo
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	4.860,00 €
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	A contida no expediente
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia de data 09.09.2024 (expediente: 2072/24)
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020	

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico por parte do arquitecto municipal de data 13.12.2024.
- Visto o informe xurídico da técnico de administración xeral de data 16.12.2024

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.
- 2º) As obras executaranse de acordo coa documentación autorizada no encabezamento.
- 3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a



contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie a documentación obxecto desta licenza.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

6º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/51

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2024, que literalmente di:

“Expediente: 2024/G006/000392

Asunto: APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/51

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F-2024-51 que suma un importe total de 133.058,91 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/ 2024/2984	24 290	31/10/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU. OCTUBRE DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/ 2024/3232	01 1	14/11/2024	B15689441	AXA ARQUEOLOGIA S.L	ESCAVACION ARQUEOLOXICA CON CONSOLIDACION NO CAMPO DO CASTRO	SE	432	22706	17.847,50 €
F/ 2024/3241	24 727	22/11/2024	A15093081	ESTUDIO TECNICO GALLEGO SA	REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA	SE	151	22706	14.517,58 €
F/ 2024/3289	24 310	30/11/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU NOVIEMBRE DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/ 2024/3364	2024/3473	30/11/2024	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Novembro 2024	SE	1623	22799	18.474,13 €
TOTAL									133.058,91 €



Visto o informe de REPARO de Intervención de data 16.12.2024 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2024/46 no que se sinala o seguinte: “(...) Sobre as seguintes facturas presentadas a fiscalización, se formulan as seguintes observacións e reparos:

Nº REX	Nº FRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/2984	24 290	31/10/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU. OCTUBRE DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/3289	24 310	30/11/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU NOVIEMBRE DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €

O contrato menor non se pode empregar como procedemento de contratación para a satisfacción de necesidades de tracto sucesivo e/ou estruturais. É necesario que se regularicen mediante a súa licitación.

Insístese no argumento reiterado en todos os informes de fiscalización de facturas relativo ao elevado número de prestacións que se tramitan como contrato menor e que teñen carácter estrutural, é dicir, se corresponden con necesidades de carácter permanente ou reiterado, ben por ser de existencia preceptiva ou por decisión política; por tanto a súa propia natureza fai que a contratación menor sexa inapropiada e irregular para contratar estas prestacións.

A importancia da licitación está non só en que supón un incumprimento da normativa contractual, senón que ademais ten consecuencias prácticas importantes:

- Falta de control das prestacións que non están reguladas e non constan previamente e por escrito as características destas (inseguridade xurídica e dificultades para eventuais reclamacións por parte do concello ante prestacións defectuosas).
- Aplicación automática de incrementos anuais por parte dos provedores.
- Antieconomías: é moi probable que a licitación previa, ao incrementar a competencia (e xerar seguridade no provedor), xere aforro e a consecución desas prestacións en mellores condicións económicas.

O artigo 29 da LCSP establece o seguinte en relación coa duración dos contratos: “1La duración de los contratos del sector público deberá establecerse teniendo en cuenta la naturaleza de las prestaciones, las características de su financiación y la necesidad de someter periódicamente a concurrencia la realización de las mismas, sin perjuicio de las normas especiales aplicables a determinados contratos.

2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor. Quedan exceptuados de la obligación de preaviso los contratos cuya duración fuera inferior a dos meses.

En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes”.



*Non é só xa que sexa preceptiva a consignación das posibles prórrogas e das súas condicións nos pregos, senón que estas deben respectar a **prohibición de perpetuar a prestación do servizo mediante a ampliación sucesiva da duración do contrato** por decisión municipal e cumprir ademais coa obrigaón de someter periodicamente a licitación pública o obxecto dos contratos”.*

Visto o Decreto de Alcaldía número 684/2024 de data 17.12.2024 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2024, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “*a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis*”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) *Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde*”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2024/51 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2024, e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 133.058,91 euros.



SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 133.058,91 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE NOVEMBRO 2024

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE NOVEMBRO 2024.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

- taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de novembro 2024 que empeza por cun
importe de 81,41 € e finaliza con cun importe de 49,68
€ e se compón de 46 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.575,75 €.
- taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de novembro 2024 que empeza por cun
cun importe de 28,80 € e finaliza con cun



importe de 28,19 € e se compón de 10 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 368,39 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000388

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 11.12.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000388.

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000643584

Exercicio: 2024

Primeiro. Preséntase solicitude para cambio de titularidade do recibo do servizo de recollida de residuos, comprobándose que procede a anulación do recibo do exercicio 2024.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación



Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2024, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibo correspondentes ao exercicio 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643584	20243515022RL01R001165					2024	49,35 €



Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643584	20243515022RL01R001165					2024	49,35 €

SEGUNDO. Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informeproposta nos termos nos que quedou transcrito.

8. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2024/G006/000398

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 18.12.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2024/G006/000398.

Solicitud: 20240000003150 (30.09.2024)

Solicitante:

ANTECEDENTES

Datos identificativos

Nº Fijo: 253000766703

Enderezo:

Referencia catastral:



Primeiro. presenta solicitude para tramitación da baixa no padrón da taxa de recollida de residuos do inmovible de referencia, por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Modelo 037 da AEAT de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores de data: 30.09.2024.

Segundo. Consta informe da policía local de data 18/12/2024 o cal establece que: “...Tras as comprobacións oportunas, declaración e documentación aportada pola interesada, certifícase que no local sito Cedeira, donde exercía actividade a tenda “Alimentación Rosario”, non se está exercendo ningunha actividade comercial na data do informe, desde que pechou na data 15/09/2024...”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021, sendo aplicable dende o 7 de xuño de 2021.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindícaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.

II.C. O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.



Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos por cese de actividade do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. CLUB NATACIÓN CEDEIRA CON CIF G15448053.EXPEDIENTE: 2024/G006/000389

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17.12.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000389

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2024. Club Natación Cedeira con CIF G15448053.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.



Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo Club Natación Cedeira con CIF G15448053.

Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de decembro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada polo CLUB NATACIÓN CEDEIRA con CIF G15448053.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.859,44 € correspondente á subvención destinada a actividades e 960,32 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACIÓN MULLERES DA VILA DE CEDEIRA CON NIF G70514534. EXPEDIENTE: 2024/G006/000390

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17.12.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000390

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. ASOCIACIÓN MULLERES DA VILA DE CEDEIRA con NIF G70514534.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACION MULLERES DA VILA DE CEDEIRA con NIF G70514534.



Visto o informe favorable de Intervención de data 12 de decembro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION MULLERES DA VILA DE CEDEIRA con NIF G70514534.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 873,40 € correspondente á subvención destinada a actividades e 416,17 € correspondente á subvención destinada a investimentos e abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. CEDEIRA TENIS CLUB CON CIF G70440433. EXPEDIENTE: 2024/G006/000395

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000395

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. CEDEIRA TENIS CLUB CON CIF G70440433.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05.07.2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo Cedeira Tenis Club con CIF G70440433.



Visto o informe favorable de Intervención de data 18 de decembro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada polo CEDEIRA TENIS CLUB CIF G70440433.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.533,44 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

12. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACIÓN DOS RÍOS DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024 CON NIF G70521745. EXPEDIENTE: 2024/G006/000400

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2024, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE:** 2024/G006/000400

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION DOS RÍOS DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024 CON NIF G70521745.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 11 de xullo de 2024 asinouse o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación Dos Ríos de Cedeira. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 18 de decembro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente,

RESOLVO:



PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION DOS RÍOS DE CEDEIRA para o exercicio 2024 con NIF G70521745.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.631,27 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS NAS RÚAS ORTIGUEIRA, RIO CONDOMIÑAS, RIO LAMAS E RIO TIXÓN”. POS+ADIC 2/2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS NAS RÚAS ORTIGUEIRA, RIO CONDOMIÑAS, RIO LAMAS E RIO TIXÓN”. POS+ADIC 2/2023

Nº Expediente: 2023/C003/000002

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.11.2024 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Rio Condomiñas, Rio Lamas e Rio Tixón”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 12.11.2024 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR S.A.	02/12/2024 18:22
2	AMBIENTUM TRAT. GLOBAL M. AMBIENTE S.L	02/12/2024 20:21

A Mesa de contratación na súa reunión de data 4 de decembro de 2024 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando todas admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- As ofertas económicas presentadas son as seguintes:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE)	PUNTOS	Temeraria
-----------	----------------------------	--------	-----------



	(€)		
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR S.A.	103462,81	13,81	non
AMBIENTUM TRATAM. GLOBAL M. AMBIENTE S.L	104214,88	11,20	non

3.- Comprobada a non existencia de ofertas incursas en presunción de anormalidade, continúaase coa lectura do contido das ofertas presentadas:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	% fixos	Nº mulleres	% mulleres
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR S.A.	103462,81	24	23	95,83%	3	13,04%
AMBIENTUM TRATAM. GLOBAL M. AMBIENTE S.L	104214,88	2	2	100%	0	0%

4.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo V do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	C.I. Oferta económica	C.II.1 Persoal fixo	C.II.2 Mulleres contrato fixo	Total
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR S.A.	13,81	15	5	33,81
AMBIENTUM TRATAM. GLOBAL M. AMB. S.L.	11,20	0	0	11,20

5.- A oferta presentada pola empresa “EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.” é a mellor valorada. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incursa en prohibicións para contratar.

6.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adjudicación do contrato denominado “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Río Condomiñas, Río Lamas e Río Tixón” a favor do seguinte licitador:

PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN	
Licitador:	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. CIF: A15352735
Importe:	103462,81 € + 21727,19 € (IVE). TOTAL: 125190,00 €

Con data 12.12.2024 a empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida. Presentou así



mesmo a xustificación da constitución da garantía definitiva por importe de 5.176,14 € mediante transferencia bancaria de Cajamar Caja Rural á conta núm. ES1520805196293110000027 do Concello de Cedeira.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 16.12.2024 emitíuse pola Intervención municipal informe favorable de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Rio Condomiñas, Rio Lamas e Rio Tixón” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. CIF: A15352735
Importe:	103462,81 € + 21727,19 € (IVE). TOTAL: 125190,00 €
Prazo de execución:	4 meses

2.- Dispoñer, pola contía de 125.190,00 €, o gasto que para este concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do estado de gastos do orzamento municipal do 2024.

3.- Notificar a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A., adxudicatario da obra “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Rio Condomiñas, Rio Lamas e Rio Tixón” o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba esta notificación.

4.- Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

5.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

6.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

7.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



14. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”. POS+ADIC 2/2023. EXPEDIENTE 2023/C003/000005

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente número: 2023/C003/000005

Asunto: aprobación da certificación núm. 2 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”. POS+ADIC 2/2023

Visto que con data 09.12.2024 e número de rexistro de entrada de documentos 2024/999/2521, D. Miguel Fiuza Canosa, director da obra denominada “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”, presentou a seguinte documentación, correspondente á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., con CIF B15768880:

- Certificación núm. 2 polo importe de 26.927,58 €
- Informe mensual da dirección de obra correspondente á certificación de obra núm. 2

Visto que a factura con núm. de rexistro de facturas F/2024/3341, de data 30.11.2024, núm. de factura FE24 273, correspondente á certificación núm. 2 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA” por importe de 26.927,58 €, foi expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e presentada telematicamente.

Visto que con data 16.12.2024 emitiuse informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra núm. 2 e factura presentada.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.



Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2024, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación de obra núm. 2 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA” a favor do contratista CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., con CIF B15768880 polo importe de VINTE E SEIS MIL NOVECENTOS VINTE E SETE EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (26.927,58 €).

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga correspondente da factura con núm. de rexistro de facturas F/2024/3341, de data 30.11.2024, núm. de factura FE24 273, con cargo á aplicación orzamentaria 336.63200 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2024 e aprobar a correspondente factura, por un importe de VINTE E SEIS MIL NOVECENTOS VINTE E SETE EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (26.927,58 €).

TERCEIRO.- Ordenar o pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 336.63200 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2024, por un importe de VINTE E SEIS MIL NOVECENTOS VINTE E SETE EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (26.927,58 €).

CUARTO.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

QUINTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

SEXTO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

15. CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12. EXPTE.: 2024/C002/000059

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12

Expte.: 2024/C002/000059

Con data 16.12.2024 (R.E 4554), a entidade BRULAR GESTIÓN, S.L., con CIF B42916080, presenta unha oferta de servizos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para a obra denominada «Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12» (presuposto núm. 2024015) co seguinte desglose:

• Dirección de obra e coordinación de seg. e saúde: 12.796,95 € sen IVE



- IVE (21%) 2.687,36 €
- Total (IVE incluído): 15.484,31 €

Encárgase o servizo de dirección de obra externamente debido á carga de traballo administrativo que existe neste momento na Oficina técnica municipal, o cal imposibilita levar a cabo a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde deste proxecto.

Con data 16.12.2024 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 15.484,31 € (IVE incluído).

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coa proposta presentada.
- 2.- Aprobar o gasto e adjudicar mediante un contrato menor a BRULAR GESTIÓN, S.L., con CIF B42916080, o servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para a obra denominada “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” polo importe de 12.796,95 € e 2.687,36 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 15.484,31 €), de acordo co presuposto núm. 2024015.
- 3.- Notificar o presente acordo ao adjudicatario.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

Pola secretaria e a interventora municipais indícase que non foi incorporado ao expediente rc, por imposibilidade á data, nin dous orzamentos mais esixidos polas bases de execución en función do importe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 684/2024 DE DATA 17.12.2024 - LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/51

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 684/2024 de data 17.12.2024, que di:

“Expediente: 2024/G003/000707
Asunto: LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/51

DECRETO ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F-2024-51 que suma un importe total de 133.058,91 €:

Nº REX	Nº FRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/2984	24 290	31/10/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU. OCTUBRE DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/3232	01 1	14/11/2024	B15689441	AXA ARQUEOLOGIA S.L	ESCAVACION ARQUEOLOXICA CON CONSOLIDACION NO CAMPO DO CASTRO	SE	432	22706	17.847,50 €
F/2024/3241	24 727	22/11/2024	A15093081	ESTUDIO TECNICO	REDACCIÓN DO PLAN XERAL	SE	151	22706	4.517,58 €



				GALLEGO SA	DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA				
F/2024/3289	24 310	30/11/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU NOVIEMBRE DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/3364	2024/3473	30/11/2024	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Novembro 2024	SE	1623	22799	18.474,13 €

TOTAL 133.058,91 €

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 16.12.2024 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2024/51 no que se sinala o seguinte:

(...) Sobre as seguintes facturas presentadas a fiscalización, se formulan as seguintes observacións e reparos:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/2984	24 290	31/10/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU. OCTUBRE DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/3289	24 310	30/11/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU NOVIEMBRE DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €

O contrato menor non se pode empregar como procedemento de contratación para a satisfacción de necesidades de tracto sucesivo e/ou estruturais. É necesario que se regularicen mediante a súa licitación.

Insístese no argumento reiterado en todos os informes de fiscalización de facturas relativo ao elevado número de prestacións que se tramitan como contrato menor e que teñen carácter estrutural, é dicir, se corresponden con necesidades de carácter permanente ou reiterado, ben por ser de existencia preceptiva ou por decisión política; por tanto a súa propia natureza fai que a contratación menor sexa improcedente e irregular para contratar estas prestacións.

A importancia da licitación está non só en que supón un incumprimento da normativa contractual, senón que ademais ten consecuencias prácticas importantes:



- *Falta de control das prestacións que non están reguladas e non constan previamente e por escrito as características destas (inseguridade xurídica e dificultades para eventuais reclamacións por parte do concello ante prestacións defectuosas).*
- *Aplicación automática de incrementos anuais por parte dos provedores.*
- *Antieconomías: é moi probable que a licitación previa, ao incrementar a competencia (e xerar seguridade no provedor), xere aforro e a consecución desas prestacións en mellores condicións económicas.*

O artigo 29 da LCSP establece o seguinte en relación coa duración dos contratos: “1La duración de los contratos del sector público deberá establecerse teniendo en cuenta la naturaleza de las prestaciones, las características de su financiación y la necesidad de someter periódicamente a concurrencia la realización de las mismas, sin perjuicio de las normas especiales aplicables a determinados contratos.

2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor. Quedan exceptuados de la obligación de preaviso los contratos cuya duración fuera inferior a dos meses.

En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes”.

Non é só xa que sexa preceptiva a consignación das posibles prórrogas e das súas condicións nos pregos, senón que estas deben respectar a **prohibición de perpetuar a prestación do servizo mediante a ampliación sucesiva da duración do contrato** por decisión municipal e cumprir ademais coa obligación de someter periodicamente a licitación pública o obxecto dos contratos”.

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria e na LCSP.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.



Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2024, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

17. ASUNTOS VARIOS

O Sr. Alcalde indica, en relación ao Portal de transparencia do concello, que se encargaba ata agora do mesmo Dª. Graciela Otero García, pero unha vez que se ten comezado a prestar o servizo a través da Deputación Provincial de A Coruña, se acorda continuar solo co Portal da transparencia proporcionado pola Deputación, e que así conste en acta.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ